

Convocatoria da Sesión Ordinaria do Pleno Municipal para o 31 de marzo de 2025 (PLENO 03/2025)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía, por resolución 863/2025 de 26 de marzo, e de acordo co previsto no art. 3.2 a) do R.D. 128/2018, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión Ordinaria do Pleno** que terá lugar no Salón de Plenos do concello de Carballo o **día 31-03-2025 ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Así mesmo informáselle que o borrador da acta da sesión anterior e a documentación dos asuntos que figuran na convocatoria, están a súa disposición desde a data da convocatoria na Sede Electrónica do concello de Carballo, no PORTAL DE CARGOS ELECTOS.

Sesión de: Pleno
Convocatoria: Sesión

Data da sesión: 31-03-2025
Hora: 20:30 h.

1.- Acta da sesión anterior (24/02/2025). Aprobación.

2.- Aprobación de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores. Expediente número 02/2025.

3.- Revisión do canon aplicable no contrato administrativo de xestión de servizo público, baixo a modalidade de concesión, denominado “Recollida de lixo, transporte, punto limpo e canceira do concello de Carballo” (SEP 01/2012). Aprobación da modificación núm. 12.

4.- Bonificacións ICIO, IBIU E IAE, por fomento de emprego:

4.1.- Construción de nave destinada a almacén de maquinaria na parcela D22, rúa Cobre, do Parque Empresarial de Bértoa.

4.2.- Construción de nave destinada a fabricación de maquinaria agrícola e carpintería metálica, na parcela A1, rúa Granito esquina con rúa Zinc, do Polígono Industrial de Bértoa.

4.3.- Construción de nave de carácter industrial destinada á instalación de sistemas de climatización, fontanería, caldeiraría e contra incendios, nas parcela G13 e G14 do Parque Empresarial de Bértoa.

5.- Solicitud de compatibilidade dunha traballadora municipal coa categoría de Psicóloga UCA para o desempeño dunha segunda actividade no sector privado. Autorización.

6.- Seguimento de órganos de goberno:

6.1.- Resolucións da Alcaldía

6.1.1- Dáse conta expresamente das seguintes resolucións:

* Decreto 623/2025 de 26 de febreiro. Resolución de revogación e delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local

* Decreto 643/2025 de 27 de febreiro. Patrimonio. Actualización do inventario de Bens do concello. Resolución dun expediente relativo á depuración da inscrición do vial nº de orde 6360, sito no lugar das Pallas, parroquia de Artes (06/2022-PAT).

* Decreto 645/2025 de 27 de febreiro. Patrimonio. Expediente de investigación dun terreo sito no lugar do Igrexario, parroquia de Lema, lindante coa parcela con referencia catastral 7125407NH2972N. Aprobación definitiva.

* Decreto 711/2025 de 7 de marzo. Patrimonio. Actualización do inventario municipal de Bens dun expediente relativo á depuración da inscrición do vial inscrito co nº de orde 7568, sito na parroquia de Lema.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2025/G010/000003

* Decreto 739/2025 de 11 de marzo. Resolución de adhesión ao convenio de colaboración educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado de todas as titulacións oficiais de grao e máster universitario impartidas na Universidade de Santiago de Compostela

* Decreto 867/2025 de 26 de marzo. Aprobación da liquidación do presuposto de 2024

6.1.2. Resolucións da alcaldía ditadas entre o día 19/02/2025 e o día 25/03/2025.

6.2.- Acordos da Xunta de Goberno Local

6.3.- Rogos e preguntas

Documento asinado dixitalmente, en Concello de Carballo, na data que figura ao marxe.

A Secretaria
Marina Núñez Orjales